



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 31 DE OUTUBRO DO 2018.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dn. Manuel Bello Bouza. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e trinta e sete minutos do día trinta e un de outubro do dous mil dazaoito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- RATIFICACIÓN CAMBIO DE DATA SESIÓN PLENO ORDINARIO

Sometida a votación o cambio de data da Sesión Ordinaria correspondente o luns día 29 de setembro de 2018 para o día de hoxe, o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL e 1 de SON DE ARES), 4 abstencións (2BNG-1 Ausencia Xustificada e 2PP-1 Ausencia Xustificada), acorda ratificar o cambio de data da sesión ordinaria a celebrar polo Concello Pleno.

2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS DOS DÍAS 10 E 24 DE SETEMBRO DE 2018.

Sometida a votación, o Concello Pleno por unanimidade, 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES, 2BNG-1 Ausencia Xustificada e 2PP-1 Ausencia Xustificada) acorda prestala súa aprobación as actas das sesións celebradas polo concello os días 10/09/2018 e 24/09/2018.

3º.- DESIGNACIÓN FESTAS LOCAIS ANO 2019


Dáse conta do comunicado remitido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en canto o calendario laboral 2019 de data 15 de outubro do 2018, que a continuación se transcribe:

Asunto: Calendario laboral ano 2019

En cumprimento das instrucións recibidas da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, comunícolle que para o calendario laboral do ano 2019 en canto ás festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, se prevén as seguintes:

19 de marzoDía de San Xosé

17 de maioDía das Legas Galegas



25 de xulloDía Nacional de Galicia

Así mesmo, deberán terse en contas as festas de ámbito estatal que para o ano 2019 se prevén que sexan as seguintes:

1 de xaneiro, martesAno novo

18 de abril, xovesXoves Santo

19 de abril, venresVenres Santo

1 de maio, mércores Festa do Traballo

15 de agosto, xovesAsunción da Virxe

12 de outubro, sábadoFesta Nacional de España

1 de novembro, venresTodos os Santos

6 de decembro, venres Día da Constitución Española

25 de decembro, mércoresDia do .Nadal

Co obxecto *de* determinar os dous días de cada ano natural que nese concello leñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, solicítolle que envíe a proposta do pleno ou do órgano competente, na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dese termo municipal para o vindeiro ano 2019, que deberá remitir a este departamento territorial antes do día 11 de novembro de 2018.

Advírtese que, para o caso de non formular proposta ou non remitila antes da dita data, entenderase que optan polas fixadas para o ano 2018 ou para o último exercicio do que se teña constancia de proposta.

No momento de determinar os dous días para as festas locais por parte dese concello deberá terse especial coidado para os efectos de evitar erros, sobre todo respecto daquelas festas que teñan carácter fixo e periódico, pero variable cada ano a súa data de celebración (exemplo: Entroido).

Así mesmo, advírtese que non se admitirá ningunha corrección de erros posterior ós 15 días naturais seguintes á publicación da resolución pola que se determinan as festas laborais de ámbito local correspondentes a tódolos concellos da provincia da Coruña.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que a proposta da Alcaldía para a designación das festividades locais ano 2019 sería;

- Mércores de Cinza; 6 de marzo.
- Voto de Chanteiro: 11 de xuño.

Sometida a votación a designación de Festividades Locais ano 2019, o Concello Pleno por unanimidade, 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES, 2BNG-1 Ausencia Xustificada e 2PP-1 Ausencia Xustificada) acorda prestala súa aprobación.



4º.- MODIFICACIÓN ORDENANZAS FISCAIS 2019: Aplicación IPC

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as manifesta que a súa postura ao respecto das ordenanzas fiscais dende o ano 2011 e a mesma e polo tanto, consideramos que ten que haber unha revisión e unha actualización das ordenanzas fiscais e polo tanto en coherencia con isto e mentres non haxa unha revisión ímonos abster neste tema.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez primeiro dicir que votan en falta o informe do Secretario sobre a aplicación do IPC, outra vez mais este tema non vai a comisión onde se ten que tratar antes de vir ao pleno a lei pasase outra vez polo forro. Os aresáns cada vez pagan máis impostos e empeoran nos servizos, problemas no abastecemento de auga, vías en mal estado, patrimonio sen mantemento ao igual que o parque de vehículos con estado deficiente, proxectos non pagados como pode ser a casa de Chanteiro ben perdoe, non pagamos a propiedade pero si pagamos o IBI a recollida do lixo o alumado, desbrozado todo isto está xerando gastos aos aresáns.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando cal é a súa posición.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que a súa posición é en contra.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que unha vez fixadas as posición damos paso as votación.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando se non vai a responder a súa intervención.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que é unha subida do IPC e que non vai a discutir sobre isto.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo haber señorita.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que é señora.


Responde o Sr. Alcalde dicindo señorita ou señora con todo o respecto do mundo, o grupo socialista fala cando lle da a gana entón igual que ti entón eu non vou a debater a subida do IPC, entón unha vez fixadas as posición procedemos a votación

Sometida a votación a modificación ordenanzas fiscais 2019, aplicación do IPC, o concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES), 2 abstencións (2BNG-1 Ausencia Xustificada) e 2 en contra (2PP-1 Ausencia Xustificada) acorda prestala súa aprobación.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dirixíndose ao Sr. Mesías Farías manifesta que a única ordenanza fiscal que non está actualizada é a do lixo, do resto ou son novas ou se foron modificando como a de servizos sociais de axuda a domicilio e dependencia a modificamos dous veces ou así a instancias da xunta a de Sta. Catalina e terrazas tamén a única que queda é a do lixo sen actualizar entón iso seguramente está igual que no 2007. Cando nós chegamos a Alcaldía era o que había tamén é certo que ca crise pouco se recaudaba con esa ordenanza pero digo que esa é a única que falta por actualizar.

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a



celebración da “ultima sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

6º.- MOCIÓNS E PROPOSTAS

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que neste punto o BNG presenta unha moción en “Apoio de persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás”.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que dálle a palabra ao seu compañeiro o Sr. Bello Bouza.

Intervén o Sr. Bello Bouza expoñendo a moción presentada.

A) Moción do BNG “Apoio de persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás”

Dáse conta da moción presentada polo BNG “Apoio de persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meirás”, que a continuación se transcribe.

MOCIÓN EN APOIO AS PERSOAS DENUNCIADAS POR RECLAMAREN A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE MEIRÁS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e galegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria.... Realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervencións dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e galegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditados Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo aberto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesma maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar máis decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. E notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espolado polos Franco, tivo que asumir sequera formalmente no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

Neste sentido, a Deputación Provincial da Coruña fixou unha posición unánime de toda a Corporación Provincial en que , avalada por informes histórico e xurídico respectivamente,



poñen negro sobre branco a respecto de cómo esta propiedade chegou a ser detentada polo ditador Franco, isto é, primeiramente a través de derivación de recursos públicos e despois a través dun contrato fraudulento de compra e venda do Pazo de Meirás en 1941 que tivo en todo momento o carácter de residencia oficial da xefatura do estado.

No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión de 1 a 4 anos.
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses.
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses.
- Delito de odio penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.


Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditados suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar ata os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto ata 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia dese propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura que no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinión e polas súas ideas políticas.

Máis é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres aos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de facer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que dificilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, alias, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era "exaltar" a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. E o mundo o revés.



Así pois, as acusacións, feitas carecen de fúndame to e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do exercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir, que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo, e a familia do ditador nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é "igual para todos" como sempre predicán, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

O Concello de Ares acorda:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien acción encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.
4. Instar ao Goberno español a que inicie de xeito inmediato acción legais contra a propiedade do Pazo de Meirás, de acordo co informe histórico-xurídico elaborado a instancia da Deputación Provincial da Coruña, e acordado por unanimidade do seu Pleno, para que a administración lexitimada para facelo poida recuperar como ben público o Pazo de Meirás, roubado ao pobo galego durante o réxime xenocida franquista.
5. Dar traslado deste acordo ao Goberno do Estado, Parlamento de Galiza e Deputación Provincial da Coruña.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez exposto o contido da moción, abrimos a primeira quenda de intervencións.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que teñen unha emenda transaccional.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle que a entregue.

Toma a palabra a Sra Martínez Martínez dicindo que non que vai dar paso a lectura da mesma que a continuación se transcribe;

1. Adherirse aos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia nos que se declara a súa vontade de que a recuperación do Pazo de Meirás ao patrimonio público non implique un novo custe para o pobo de Galicia.



2. Instar a Administración Xeral do Estado a que realice as accións legais as que fai referencia na súa conclusión final informe da comisión de expertos nomeados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co obxecto de reintegrar a propiedade das torres ou Pazo Meirás o ámbito dos bens do dominio público da Administración Xeral do Estado.
3. Instar a Xunta de Galicia en canto sexa exercitada esa acción legal a incorporarse o proceso civil como coaxudante adhesiva.


Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai unha emenda transaccional sobre a que xa se pronunciará o BNG si a acepta ou non. No punto catro da emenda parece que as vítimas de esa simulación, simulación que simula unha compra por parte da familia Franco cando os propietarios non era o pobo Galego senón efectivamente a familia Pardo Bazán entón, a familia Pardo Bazán vende lle pagan con eses cartos que se consegue simulando tamén donativos por parte de soldos de traballadores públicos aos que lle detraen do seu salario unha parte pero claro, o Pazo de Meirás non se lle robou ao pobo Galego non era do Pobo Galego o que pasa é que ao pobo Galego si se lle robou detraccións forzosas dos seus salarios para pagar ese pazo a familia Pardo Bazán, e a partir de aí a doazón dos que lle compraron a Pardo Bazán con eses cartos que copiaron fanlle unha doazón ao Xefe do Estado non a Francisco Franco, co que a doazón é ao Estado e Franco acepta a doazón como Xefe do Estado entón, unha vez que se fai isto alguén lle di a Franco aceptaches a doazón como Xefe do Estado isto é do Estado, entón aí fan unha compra-venta simulada por certo quen vende é o Conde de Fenosa que por certo habería que preguntarlle ao Conde de Fenosa como despois dunha doazón ao Xefe do Estado aparece vendendo ou como aparece el vendendo si comprouse con cartos doutra procedencia, entón é certo que aí determinase que hai unha simulación porque esa compra-venta non é tal o ben chega ao Xefe do Estado como logo Franco compra un ben que xa aceptou como Xefe do Estado. En consecuencia, eu falo porque accedín ao informe xurídico que encargou a Deputación porque había profesores da Facultade de Dereito e nese sentido tiven a ocasión de compartir nunha reunión como civilista sobre o tema de doazón, simulación porque son conceptos xurídicos-privados é o informe encargáronllo a historiadores e a profesores de dereito administrativo e efectivamente aquí hai unha parte de dereito importante que foi unha doazón e logo unha compra-venta entón, o de roubado ao pobo galego durante o réxime xenocidio franquista, o Pazo de Meirás non se lle roubou ao pobo galego, era da familia Pardo Bazán o que se lle robou o pobo galego foi parte do prezo porque fixeron detraccións forzosas de salarios a moitos traballadores públicos, que lles obrigaban practicamente a comprar cupóns e cousas así entón, salvo esa punto catro que é máis unha inexactitude que non afecta ao contido efectivamente sería unha puntualización que faríamos a moción.

Toma a palabra o Sr. Cendán Fernández dicindo que ve que o motivo da moción que presentase é o punto dous porque este pleno xa se pronunciou a través dunha declaración institucional da Deputación e dunha moción do BNG, o Pleno de Ares non ten dúbida ao respecto nin o tivo por unanimidade entón aquí baixo o meu punto de vista é o punto dous, manifestar o tema dos que foron a reivindicar que din que foron pacificamente é un tema que está xudicializado será a xustiza a que ten que dicir pero manifestarse eu creo que aquí non se persigue a ninguén, o fondo entendo que é ese nós ímonos a abster porque xa nos pronunciamos a isto xa veu dos veces ao pleno, non ten moito sentido.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que é certo que o pleno xa aprobou a devolución do Pazo de Meirás isto mais ben é apoiar as persoas que fixeron esa acción e que actualmente están procesadas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao Sr. Bello Bouzarpara que puntualice ata onde acepta a emenda trasaccional do BNG, a proposta nosa de modificar o punto catro ou incluso a proposta de Luis de que o tema quede só no punto dous porque no resto xa aprobamos mocións.

Intervén o Sr. Bello Bouza manifestando que sobre a emenda que propón o PP non temos ningún problema en incluíla non modificaríamos nada pero si, sobre o punto catro e moi subxectivo isto é dependendo como se mire, si a familia Pardo Bazán era a dona dona do Pazo e vendeuna a Franco efectivamente Franco non o pagou cos seus cartos pagouno cos cartos dos cidadáns polo tanto depende como se mire, eu si considero que pagouno o pobo galego e ademais con nomes e apelidos que xa presentamos aquí hai tempo un lista de persoas que pagaron cos seus cartos e sobre o tema de que



regaláronllo ao Xefe do Estado a min isto faime moita graza porque cando se fai un agasallo dun barco por exemplo ao rei de España dise que é patrimonio do estado pero só o disfruta o rei, todo isto é moi relativo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntado si queda como esta.

Responde o Sr. Bello Bouza dicindo que aceptan a emenda do PP.

O Sr. Alcalde pregunta como se incluíría a emenda do PP na moción.

Responde o Sr. Bello Bouza como punto sexto.

Intervén novamente o Sr. Alcalde manifestando que queda a moción nos seus termos e incorpora como punto sexto o engadido que propón o PP, e en consecuencia procedemos a votar.

Sometida a votación a moción presentada polo BNG "Apoio de persoas denunciadas por reclamaren a devolución do Pazo de Meiras" o pleno do concello por 10 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 SON de Ares, 2 PP-1 Ausencia Xustificada e 2-BNG-1 Ausencia Xustificada) e 1 abstención (1NAL), acorda prestarlle a súa aprobación.

Antes de entrar no quenda de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde pregunta os Srs. Voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia.

Intervén o Sr. Bello Bouza dicindo que presentan dous mocións pola vía de urxencia, unha sobre o tema de Alcoa e outra sobre a sector eléctrico.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dándolle a palabra ao voceiro do BNG para expoñer a urxencia das dúas mocións.

Intervén o Sr. Bello Bouza expoñendo a moción.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non, que expoña a urxencia non a moción, porque en vez de esperar ao pleno do mes que ven ao ordinario, porque consideras que é urxente debatela agora, non a moción a urxencia.


Intervén o Sr. Bello Bouza manifestando que isto pasou fai poucos días e a actualidade é a que manda neste caso.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando pola urxencia do sector eléctrico.

Responde o Sr. Bello Bouza dicindo que é porque está relacionado co de Alcoa, é unha reivindicación antiga xa do BNG ou sexa non é de agora no Parlamento Galego, o que pasa é que co tema de Alcoa volveu a poñerse outra vez de actualidade digamos, por iso queríamos traela aquí hoxe.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que por fixar posicións si entendín mal corríxeme, o tema de Alcoa é un tema de actualidade recente e un tema recorrente e sempre polo mesmo motivo, e sabemos que a empresa dalgunha maneira no seu momento aínda que agora alegan outras razón como son a falta de inversións en bens de equipo que a faga competitiva, si é certo que sempre vinculou o problema ao prezo importante da enerxía en España e en consecuencia como está vinculado co prezo da electricidade xustifícase a urxencia das dúas. Fixados os motivos procedemos a votar a urxencia.

Sometida a votación a urxencia, o Pleno do Concello por unanimidade, 11 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 SON de Ares, 1NAL, 2 PP-1 Ausencia Xustificada e 2-BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda ratifica-lo carácter urxente do asunto.



Dáse conta das mocións presentadas polo BNG "Moción pola vía de urxencia en apoio aos traballadores e traballadoras de ALCOA demandando solución ao anuncio do peche", e "Moción presentada pola vía de urxencia sobre o sector eléctrico" que a continuación se transcriben.

A) MOCIÓN POLA VÍA DE URXENCIA EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE ALCOA DEMANDANDO SOLUCIÓN AO ANUNCIADO PECHE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro a empresa Alcoa comunicou aos cadros de persoal así como publicamente a súa intención de pechar as instalacións da empresa na Coruña.

O grupo canta na Coruña con preto de 400 traballadores e traballadoras, polo que a consumación do peche tería un enorme impacto na cidade e na súa contorna, ademais de contribuír, á perda de tecido industrial en Galiza.

Unha das razóns fundamentais do peche vén senda o prezo da factura da luz, que supón máis do 40% dos custos de produción. Unha evidencia máis de que a defensa que fai o nacionalismo da necesidade de mudar o sistema de poxas de interrompibilidade por un marco máis estábel, demanda tamén do propio sector electrointensivo, así como promover unha tarifa eléctrica galega que dea vantaxes competitivas ás empresas radicadas no noso país, están de extrema actualidade. Poñer solución a esta crise e aos graves problemas que supón o marco eléctrico por inestábel e polo constante incremento do prezo depende de decisións políticas.


Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

ACORDO

1. Expresar o apoio aos traballadores e traballadoras de Alcoa e as súas mobilizacións.
2. Demandar da Xunta de Galiza a realización de todas as accións necesarias encamiñadas a garantir os centros produtivos e os postos de traballo de Alcoa en Galiza, a comezar por:
 - a) Solicitar inmediatamente da multinacional a retirada do ERE de extinción de emprego.
 - b) Promover a constitución dunha mesa de negociación para loitar pola continuidade da empresa na que se dea a participación ao cadro de persoal entidades sociais e administracións comprometidas coa súa permanencia.
 - c) Negociar co goberno central un marco enerxético estable para a industria do noso país que permita unha tarifa eléctrica galega que mellore a nosa concorrencia por sermos produtores excedentarios de enerxía, contribuíndo ao abaratamento da factura destas industrias baixo o cumprimento dunha serie de compromisos de investimento e mantemento dos postos de traballo.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando quen quere intervir.



Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez manifestando que faría unha emenda transaccional tamén que sería, "Instar a Xunta de Galicia que requira do Goberno do Estado que poña en marcha antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas nas disposicións adicionais centésima, cuadrisexima, quinta da Lei 6/2018 dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros, estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para viabilidade tecnolóxica futuras das factorías e do mantemento do emprego"

Intervén o Sr. Alcal preguntando por algunha outra intervención.

Toma a palabra o Sr. Cendán Fernández dicindo que van a votar a favor da moción e que neste asunto hai unanimidade están a traballar os gobernos tanto o autonómico como o nacional e eu creo que apoialo non ven mal pero que xa se está actuando.

Intervén o Sr. Alcalde dirixíndose ao voceiro do BNG preguntando si aceptan ou non a emenda do PP.

Toma a palabra o Sr. Bello Bouza dicindo que non a van a aceptar.

O Sr. Alcalde pregunta a voceira do PP si mantén a emenda.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que si a manteñen.

O Sr. Alcalde da paso a votación da emenda presentada polo PP.

Sometida a votación a emenda presentada polo PP "Instar a Xunta de Galicia que requira do Goberno do Estado que poña en marcha antes da finalización da anualidade orzamentaria 2018 as compensacións previstas nas disposicións adicionais centésima, cuadrisexima, quinta da Lei 6/2018 dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 por importe de 150 millóns de euros, estas compensacións deberán estar condicionadas a inversións para viabilidade tecnolóxica futuras das factorías e do mantemento do emprego", o Pleno do Concello por 2 votos a favor (2PP-1 Ausencia Xustificada) e 9 votos en contra (5 PSdG-PSOE, 1 SON de Ares, 1 NAL e 2-BNG-1 Ausencia Xustificada) acorda rexeitar a emenda.

Sometida a votación a Moción presentada polo BNG, "Moción pola vía de urxencia en apoio aos traballadores e traballadoras de ALCOA demandando solución ao anuncio do peche" o Pleno do Concello por 11 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 SON de Ares, 1 NAL, 2 PP-1 Ausencia Xustificada e 2-BNG-1 Ausencia Xustificada), acorda prestarlle a súa aprobación.

B) MOCIÓN POLA VÍA DE URXENCIA SOBRE O SECTOR ELÉCTRICO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O nacionalismo galega defende que a enerxía debe ser entendida como un ben público e a política enerxética debe desenvolverse en base a esta consideración, superando a concepción actual como unha mera mercadoría legalizada polos gobernos centrais de PP e PSOE. Do mesmo xeito, o subministro de enerxía debe ter a concepción de servizo público e o seu acceso debe ser un dereito garantido para todas as persoas por riba dos intereses económicos do oligopolio eléctrico. Porén, na actualidade, o sistema funciona en liñas totalmente contrarias a estes principios, favorecendo un prezo final da enerxía eléctrica imposible de soportar para moitos fogares e tamén para o tecido económico e produtivo de Galiza.



Un factor fundamental é que o actual sistema de xeración de prezos é totalmente opaco e inxusto. Mediante un mecanismo de poxa o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que posta que existen tecnoloxías que producen a uns custos moi diferentes, acabe marcando o prezo de forma habitual unha das tecnoloxías máis caras. Isto dá como resultado que se xeren os coñecidos no propio sector como "beneficios chovidos do ceo" especialmente no caso de tecnoloxías case ou totalmente amortizadas, como sucede coas hidroeléctricas e a enerxía nuclear. Por poñer un exemplo, no último ano completo (2017) as tres maiores compañías eléctricas que operan no Estado español (Iberdrola, Endesa e a actual Naturgy) obtiveron uns beneficios 5.627 millóns de euros, un 3% máis que no exercicio anterior malia que 2017 foi un ano de seca que impactou de forma negativa en termos hidrolóxicos.

Por outra banda, hai que engadir que a electricidade ten unha fiscalidade absolutamente disparatada e excesiva, o que tamén incrementa o prezo final. Por exemplo, o prezo da electricidade ademais de ter diferentes impostas que se solapan, atópase no tramo mais elevado do IVE, no 21%, senda un dos máis altos de Europa ao tempo que cuestións non básicas como as touradas ou un coche de luxo teñen un gravame menor. A única razón para que o IVE non se reduza é o afán de recadación do Estado.

Cómpre ter en conta tamén que Galiza tivo e ten un papel de produtor de enerxía que non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dunha cadea de decisións alleas, moitas delas do período da ditadura franquista, e do que non obtemos compensación. Nesa función imposta de país produtor, xeramos enerxía para o consumo doutros territorios do Estado español, exportando unha media dun 35% de electricidade. Mentres outros territorios aforran os custos do impacto social e ambiental que sufrimos nós, Galiza non obtén ningún beneficio. Isto obedece a un deseño centralista do Estado español que, mentres nos adjudicaba ese papel, reservaba para outros lugares ser o centro da industrialización e do desenvolvemento económico.

Con este modelo, mentres Estado e eléctricas aumentan os seus beneficios e Galiza exporta enerxía, o noso país hai máis de 442.000 persoas que declaran non poder permitirse manter a vivencia cunha temperatura adecuada e a taxa de risco da pobreza incrementou nun 12,15% dende o 2009. Para combater a dificultade que supón o acceso á enerxía non son suficientes nin o bono social do Estado nin o ticket eléctrico da Xunta de Galiza, que chegan a unha porcentaxe moi reducida da poboación.

Non é de recibo que por riba de non beneficiármonos de producir, grazas ás políticas enerxéticas do Partido Popular, Galiza vaia pagar a factura máis cara do Estado. A posibilidade de introducir suplementos territoriais na tarifa eléctrica xa figuraba na Lei do Sector Eléctrico do ano 1997 e na vixente de 2013. Porén, foi a aprobación do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria de Rajoy o que converteu o que a Lei recoñecía como posibilidade en obrigatorio para o 2013. Resultado disto as eléctricas recorreron e o Tribunal Supremo deulle a razón en distintas sentenzas. Como resultado, vaise repercutir o recadado en varios impostas nas facturas dos galegos e galegas para recadar arredor de 38 millóns de euros. Isto é un absoluto disparate, quen produce paga máis que quen non e as galegas e galegas irnos recibir o tarifazo máis grande do Estado.

Desde o BNG defendemos que Galiza ten dereito a controlar os seus recursos enerxéticos e para iso é fundamental poñer fin a esta situación de explotación colonial e reclamar capacidade normativa para poder tomar as decisións referentes a todos os aspectos do desenvolvemento enerxético. En canto a falta de soberanía política non nos permita desenvolver unha política enerxética propia en todos os aspectos, si é posible avanzar progresivamente para establecer medidas que compensen



tantos anos de espolio sen recibir nada a cambio. Son decisións políticas que debemos tomar para corraxir un agravio histórico e por xustiza social.

Por todas estas cuestións, é imperativo demandar cambios inmediatos na regulación eléctrica para que a electricidade sexa un servizo básico e estean cubertas as necesidades sociais e económicas dun país coma o noso, tendo en conta que a xeración eléctrica leva aparellados elevados custos sociais e medioambientais que deben sernos compensarnos.

Neste sentido, unha tarifa eléctrica galega que abarate vía peaxes o prezo final da enerxía no noso país axudaría a democratizar o acceso á enerxía para todas as persoas e, asemade, contribuiría a asentarmos o tecido industrial e económico do país, frearmos a deslocalización e evitar a nasa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar a Xunta de Galiza a demandar do Goberno Central

1. A inmediata redución do Imposto de Valor Engadido sobre a Electricidade do 21% ao 4%.
2. Que exclúa a Galiza da Orde definitiva para a tramitación respecto dos suplementos territoriais para o exercicio 2013, por atentar contra as competencias galegas en materia de tributación ambiental e por seren contrarias para os intereses do tecido social e económico galega, correspondendo ao goberno do Estado asumir os custos que poida ocasionar a aplicación das sentenzas.
3. Modificar a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico de forma que se permita a regulación dunha Tarifa Eléctrica Galega que Galiza poida beneficiarse, pola súa condición de nación produtora de enerxía eléctrica, de peaxes máis baixas que permitan un abaratamento para os consumos domésticos e empresariais en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro de Son de Ares.

Toma a palabra o Sr. Pita Carballeira manifestando que en plena negociación dos orzamentos estatais aceptaron negociar o prezo de enerxía equiparando a gobernos como o Vasco ou o Catalán, non queremos ser máis pero tampouco menos co resto entón nós, imos votar a favor.


Intervén o Sr. Alcalde preguntando si alguén máis quere fixar posicións, ninguén quere intervir e somete a moción a votación.

Sometida a votación a Moción presentada polo BNG, "Moción pola vía de urxencia sobre o sector eléctrico" o Pleno do Concello por 9 votos a favor (5 PSdG-PSOE, 1 SON de Ares, 1 NAL, e 2-BNG-1 Ausencia Xustificada), e 2 abstencións (2 PP-1 Ausencia Xustificada) acorda prestarlle a súa aprobación.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que é común unha circunstancia que se esta dando na zoa de Estacas que andan soltos os cabalos, polo que temos visto algunha vez a policía local achegouse e a pregunta é que sabe o Alcalde ao respecto disto da solta de cabalos na zoa de Estacas. A segunda cuestión ten




que ver cas resolución da Alcaldía ao respecto de asignación de conselleiros por asistencia do ano 2017 que non viñeron a pleno de xaneiro e febreiro e hai outra que nin sequera se aprobou entón, pedimos que para o seguinte pleno se repase cales foron as resolucións de 2017 que meses non viñeron e que se traian as resolucións que faltan por traer a pleno. A terceira cuestión ten que ver ca obra das Escolas do Lago, na comisión informativa da semana pasada o BNG fixo unha proposta ou polo menos dirixiuse ao goberno municipal para que esa obra que vaise facer agora chamado "Centro Cívico da Familia" que se destinase tamén para ampliar as infraestruturas que no campo da música precisan as agrupacións e asociacións que hai en Ares, e a ese respecto nós fixemos unha proposta moi clara que era unha modificación do proxecto que pódese levar non e ilegal facer unha modificación do proxecto unha vez aprobado, xa se fixo noutras ocasións, a nosa proposta era moi clara ía dirixida a que esa obra da primeira fase non sexa excluínte senón poidase aproveitar para outras cousas e sexa incluínte entón esa concreción era que en vez de facer dúas aulas e uns baños no centro que se fixese unha aula e os baños nun lado desta maneira aproveitase a capacidade de este edificio e é incluínte porque, porque vai valer para facer o que quere o goberno que parece ser que é destinado a asuntos sociais e tamén vai valer para salvar outras dificultades que teñen outras agrupacións musicais polo tanto a pregunta que tamén é un rogo, era ao respecto porque a contestación do Alcalde foi que se estudiará a posibilidade, nós só entendemos esa posibilidade xa digo porque é unha cuestión inclusiva e non excluínte. Por último un rogo, nas ordenanzas que tivemos agora das ordenanzas fiscais o Alcalde decidiu non participar no debate, el considera que é lícito falar ou non, eu considero que é unha eiva no sistema de participación e da democracia sobre todo non participar nin sequera na primeira quenda, outra cousa e que despois na segunda non teñas nada que dicir, xa o apuntamos outras veces, nós consideramos moi importante que todos os grupos se manifesten co que ten que dicir cada un, e neste caso o que non me parece nada ben é que unha vez que se pecha o debate porque como ben sabemos os debates péchanse coa votación que o Alcalde faga referencia a ese punto cando aí nós non temos capacidade de responder nin se quera escoitamos a intervención do Alcalde porque nos parecía unha falta de respecto, o punto as intervencións primeira quenda segunda quenda e logo pechase coa votación polo tanto despois non vai apropiarse da condición de Presidente da mesa para facer un relatorio ao respecto dun punto onde antes non se quixo debater, esas son as nosas cuestións.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra a voceira do PP:

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez manifesta que ten varias preguntas a primeira é, durante os meses de xullo, agosto e setembro hai sete factura por máis de 13000€ que corresponden na súa maioría as áreas de Turismo e Cultura al ser adxudicada a mesma empresa, non cree vostede que debería saír a concurso. A segunda pregunta con respecto a Resolución da Alcaldía 399/18 na que fala dun caso excepcional para cubrir de forma urxente e inaprazable nunha categoría profesional prioritaria que afecta ao funcionamento dos servizos públicos resolvo, punto 2 que se inicien os trámites para crear unha bolsa de emprego antes as habituais baixas laborais de Dna. María del Carmen Pita López traballadora do servizo de limpeza a pregunta é se non existe xa esta bolsa. Con respecto a unha xunta de goberno do 8 de outubro, o último contrato que se lle fixo a Beatriz Sestayo por asesoramento xurídico é do 8 de outubro do 2018, e o anterior a data é do 4 de setembro do 2017, nós entendemos que hai un mes sen contrato porque rematou o día catro isto aparece na Resolución da Alcaldía 402/18 e se lle paga a totalidade do mes de setembro cando o contrato segundo a xunta de goberno e o 8 de outubro, a que se debe isto. Tamén temos dúas preguntas do pleno do 10 de setembro que non se contestaron, con respecto a Resolución da Alcaldía 304/18 podería decirnos de que se trata as observacións do escrito remitido a Demarcación de Costas con respecto ao PXOM e despois con respecto a Resolución da Alcaldía 303/18 queríamos saber o motivo polo cal se sinalaron as cantidade de débeda coa Seguridade Social de 3913,73€.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo as preguntas do voceiro do BNG, ao longo do termo municipal hai fincas cuxos propietarios deixan pastar cabalos entón, son propiedades privadas nas que deixan pastar cabalos os cabalos están atados e iso é unha realidade, isto afecta a Policía Local polo xeral cando os cabalos se soltan e en consecuencia poden xerar algún perigo para as persoas, bens ou en materia de tráfico ou cando se quedan sen comida o sen auga, e os veciños ven que pasan os días e os cabalos seguen sen auga e sen comida, sen



comida non porque comen herba pero sen auga si porque moitas veces lles poñen uns caldeiros e o propio cabalo o tira entón efectivamente o pasan mal. Cando é un tema que xa afecta ao interese xeral intervén a Policía, si o cabalo non ten auga é maltrato animal e si está solto pode xeral perigo para o tráfico e en consecuencia a Policía actúa, identificamos ao propietario do cabalo e si hai maltrato animal o denunciemos e si non hai maltrato animal lle decimos que ten que estar pendente do cabalo que ten que deixalo ben atado e en consecuencia, eu sei que hai algunha denuncia por maltrato animal, un estivo días enteiros sen beber e tiña que ser un veciño que lle daba auga efectivamente son as intervencións que eu coñezo da policía, non coñezo outras.

En canto as resolución de asistencia a órganos xa miraremos si falta algunha evidentemente eu din orde de que se incorporaran e as miñas noticias son que se incorporan, pero si falta algunha miraremos si é certo ou non.

Continúa o Sr. Alcalde respondendo a pregunta sobre as Escolas do Lago, manifesta que das Escolas do lago pediron un proxecto iniciativa do goberno, o goberno decide recuperar esas instalacións o contido é para un centro sociocomunitario da familia, porque é un concepto moi amplo que permite servizos sociais, cultura efectivamente de todo e vai ter a plena dispoñibilidade para todas as necesidades que se podan cubrir incluídas tamén as musicais, pero o que non pode ser e que sexa de maneira exclusiva porque non hai ningunha actividade musical no concello que esixa a dedicación exclusiva de todos os días, semanas, meses do ano e en todo caso é unha prerrogativa do goberno a vostede lle pode gustar ou non pero é unha prerrogativa do goberno é Centro Sociocomunitario da Familia para darlle o maior amplo uso posible e os usos cas entidades musicais pois hai una concelleira que sentarase con elas e que o decidirá e ata me consta que xa o fixo o que non podo e poñer en perigo a execución do proxecto que está suxeito a un proxecto que se presentou e para nós cumpre as expectativas aínda que para vostede non e a nós un arquitecto que estudou o que estudou nos di que si e como non só é para música senón para máis cousas pois efectivamente cumpre as expectativas para a heteroxeneidade de servizos que se poden prestar, ademais na comisión ao voceiro do seu grupo lle dixemos que si, que vai ser tamén para entidades musicais.

O Sr. Mesías Farías pide a palabra.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, pero que aquí non vai a haber debate que si quere contesta ou non.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que non lle están dicindo que retire o proxecto que por iniciativa do goberno municipal fixo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que está subvencionado e coa frase non o vamos a poñer en perigo lle estou contestando.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que non lle pedíamos que se utilizara en exclusiva aos grupos, non o dixemos.


Responde o Sr. Alcalde dicindo que están de acordo, vaise dedicar tamén aos grupos pero nestes momentos non podemos poñer en perigo un proxecto aprobado.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non é a primeira vez que hai unha modificación dun proxecto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non están de acordo, creemos que tal e como está deseñado cumpre.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que iso é o que quería que clarificasen, vostedes non é que cuestionen a perigosidade de levar a cabo, simplemente non o contemplan.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non é certo, que non poñen en perigo o proxecto, non o queremos poñer en perigo.



Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que se pode facer unha modificación.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que non hai tempo non imos a poñer en perigo o proxecto ten un prazo de execución e consideramos que pode prestar o servizo.

Intervén novamente o Sr Alcalde respondendo ao rogo da subida do IPC pois efectivamente eu lle rogo ao portavoz do BNG, porque efectivamente sempre manifesta porque con esa mala baba coa que interveu sobre ese punto pois lle teño que dicir que o orde do día di "modificación ordenanzas fiscais 2019- aplicación do IPC" punto pelota, entón eu para falar deste punto teño que faltar do IPC porque é o punto entón eu non vou a discutir unha subida do IPC anual, porque non hai nada que discutir porque en todos os concello de España governe quen governe sóbese o IPC, só se debate neste pleno, onde goberna o PP, BNG en todos os concellos de España governe quen governe hai actualización do IPC e aquí imos facer un debate e vaime a obrigar a debater sobre a actualización do IPC cando nos concellos de onde vostedes gobernan tamén meten a actualización do IPC pois non nos da a gana de baixarnos a ese nivel, e estou farto de que o BNG intente mediatizar o que o PSdeG ten que facer, cando eu non vos digo o que tedes que dicir ou non, eu contesto e punto entón, non imos a debater na súa exposición falou das actualizacións das ordenanzas cousa que non forma parte do punto do orde do día, forma parte do IPC e tiven a deferencia de contestarlle cando rematou o punto do orde do día porque non era do orde do día, e porque dáme a gana de facelo nese intre.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non é bo facelo.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que lle da a gana de facelo e o fai, porque non forma parte do orde do día entón eu, a unha apreciación que fai por deferencia e educación aínda que sempre devólveme cunha patada nos ovos, coa miña deferencia e educación lle digo Emilio só falta a do lixo, fora do orde do día.

O Sr. Mesías Farías manifesta que van a abandonar o pleno.

O Sr. Alcalde dille que o abandone porque o seu veneno e pernicioso, vaite con dou mocións aprobadas polo partido socialista e así o agradeces, respóndolle fora do orde do día porque non estaba dentro do orde do día e sempre igual con dúas mocións aprobadas polo partido socialista e dando por saco, ata as narices de non recibir nin unha deferencia.

Sendo as 12:27 o grupo BNG abandonan o pleno

Continúa o Sr. Alcalde respondendo as preguntas do PP, en canto as facturas de xullo, agosto e setembro teño que miralas e velas e concretalas, de todos modos si son de diferente orixe.


Responde o Sr. Lage Fernández dicindo que as concretan eles.

Intervén o Sr. Alcalde manifestan que está respondendo e di que pode reservarse para o seguinte pleno, pero lles digo que si son de diferentes concellerías non facemos concursos conxuntos si deportes ou turismo fan unha actividade co mesmo non é o mesmo contrato van a diferentes partidas, si vostede me di cultura e deportes si porque poderían ir ao mesmo e é a mesma concellería e é a mesma partida, pero si son concellerías distintas e lóxico que non vaian ao mesmo concurso ni as mesmas facturas porque as partidas son distintas e se contrata de maneira separada, turismo contrata de maneira separada a cultura e deportes aínda que cultura e deportes non contrata de maneira separada e aparte hai unha prerrogativa, o que non exceda no contrato menor facemos o que queremos, si non pasa do contrato menor pois decidimos que non.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que pasa porque isto son só tres meses.

Intervén a Sr. Pita Carballeira manifestando que terá que dicir que facturas son.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que fai referencia a estes meses pero e que é durante o ano.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que mentres non exceda do contrato menor e non sexa o mesmo concepto temos a prerrogativa legal de facelo como consideremos oportuno.

Continúa o Sr. Alcalde, en canto a bolsa de emprego para o tema da limpeza como eu non o levo non sei Luis.

Intervén o Sr. Cendán Fernández dicindo que isto xa se viña facendo fai moitos anos con esta rapaza porque temos un problema ca limpadora rebaixase seguido va en función do parte de baixa venche con seis días hai que limpar o centro como esta vez unha rebaixada a outra tal e usase este modelo para contratar, en principio ten a baixa por seis días que vas facer un concurso por seis días para unha necesidade entón xa.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que a súa pregunta é si existe a bolsa.

Responde o Sr. Cendán Fernández dicindo que existe unha bolsa pero non para isto.

Intervén o Sr. Lage Fernández dicindo que na resolución di que existe.

Responde o Sr. Cendán Fernández dicindo que iso é un corta e pega da resolución a min tráenme a asinar, por seis días e a forma de facelo, si nos souperamos que vaise rebaixar tres meses ou seis meses quiaríamola a concurso pero de iso non temos a seguridade. Nós funcionamos en base a baixa que lle de o médico.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando si xa hai unha bolsa.

Responde o Sr. Cendán Fernández dicindo que hai unha bolsa do ano da polca.

Toma a palabra novamente a Sra. Martínez Martínez preguntando si se tirou algunha vez de esa bolsa.

Responde o Sr. Cendán Fernández dicindo que nunca se tirou.

Continúa a Sra. Martínez Martínez dicindo que entón esta resolución non ven a nada, se non se tira da bolsa como se contrata a esa persoa, o punto dous non tiña que existir porque no existe bolsa a iso vou.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si se pode crear.

Responde o Sr. Cendán Fernández dicindo que si.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que iso ven obrigado pola situación peculiar desta traballadora entón, loxicamente cubrimos as baixas desta traballadora.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que si , pero si existe esa bolsa de traballo nesa bolsa tería que haber varias persoas e se tiraríase dunha forma que este legalizada, pero non existe bolsa.

Responde o Sr. Cendán Fernández dicindo que sabe que existe unha bolsa pero que non sabe de que ano, haberá que revisala eu non sei si está actualizada ou non, neste caso concreto non se tirou da bolsa polo motivos concretos de que ven con cinco días de baixa que lle da o médico hai unha urxencia e hai que contratar.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo a pregunta sobre o contrato da asesoría xurídica, manifesta que calquera contrato ata que se contrate continúa senón perdemos o servizo, o xardineiro termina o contrato e non se deixan de cortar os xardíns ata o novo, el continúa ata saber que é o novo, cando termina o contrato de lectura de contadores non se deixa de ler contadores ata o seguinte contrato, pois cando se termina a asesoría xurídica non deixamos de ter asesoría xurídica ata o seguinte contrato e dicir, son prorrogas durante o lapso de tempo o mesmo ca recollida do lixo ou cas actividades deportivas que acaban de adjudicarse agora que gañou outra empresa non deixou de abrir o pavillón. Entón claro, que non intermedio que dura a asignación do novo contrato segue habendo o servizo que se presta polo anterior e se



Ile segue pagando porque non pode haber un lapso sen servizo, o contrato da adxudicación de bombeos durou seis meses entón a COPASA cando rematou o contrato anterior lle digo que non bombeo a merda.

Intervén a Sra. Martinez Martínez dicindo que está falando da bolsa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que está a responder a terceira pregunta do contrato, entón non pode quedar un intermedio sen servizo.

En canto ao requirimento de Costas se require a tradución do galego ao castelá e a clarificación duns plans do plan, Costas dinos aquí hai isto en galego e hai uns plan que non se ven entón en agosto Costas nos fixo un requirimento de completar a documentación que se enviou para o plan de urbanismo, o plan de urbanismo está en Costas para que Costas faga o informe e pediunos clarificar uns temas en galego e uns plans onde había unhas liñas que facía que non se vira ben o que a eles lles afecta corrixiuse e punto.

En canto a Resolución da Alcaldía 323/18 da Seguridade Social non a teño, non recordo esta pregunta apunto todas pero esta debeu de quedarme non fun consciente dela.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntado si o de Demarcación de Costas era algo concreto.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, xa che dixen tradución do galego e uns plans que non se vía unha liña que se superpoñían e non se apreciaban, eu diría gañas de dar por saco de ampliar o prazo.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que a resposta da resolución 323/18 para o seguinte pleno.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non esperemos ao próximo pleno en canto teña os datos na próxima comisión douchos.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta e sete minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,